

LENGUA Y LITERATURA GALLEGA

Dicindo adeus a Galicia dende o Highland Princess: unha análise da obra de Seoane dende o poema.

ELENA ALFAYA LAMAS
alfaya@udc.es

M^a DOLORES VILLAVERDE SOLAR
Universidade de A Coruña.
doviso@udc.es

Recibido: marzo 2012. Aceptado: mayo 2012

Resumo: Dende o momento en que Luis Seoane marcha cara ao exilio, inicia a súa loita para que todos os galegos e galegas poidan vivir mellor nun mundo máis xusto e libre e, por iso, escribe e pinta da súa terra. A través da escrita e da imaxe materializa as súas denuncias políticas, históricas e sociais, con versos e óleos nos que hai tristura, desesperación, loita, pero tamén esperanza por un futuro mellor para Galicia. Analizando o poema *Dende o Highland Princess* e unha serie de obras pictóricas que repiten en imaxes as mesmas reivindicacións dos versos, o lector/espectador interpreta e comprende á perfección o compromiso social e político do artista.

Palabras chave: arte, literatura, mar, emigración, xusticia.

Abstract: Since the moment Luis Seoane leaves into exile, he begins a personal struggle so that every Galician can live in a fair and free world. This is the reason why he writes and paints about his own land. Through writing and pictures he materializes political, historical and social complaints. He gets it not only by means of verses and paintings full of sadness, despair, struggle, but also hope for a better future for Galicia. We analyze the poem *Dende o Highland Princess* as well as a series of paintings having the same reivindicative value as his verses. Through this, the reader can perfectly interpret and understand the social and political commitment of the artist.

Key words: art, literature, sea, emigration, justice.

*“Nos levarán las ondas no con bolsas repletas,
no con sacos de oro ni tanques ni aviones.
Nos levarán con lo que siempre llevamos:
un morral, un cayado y unas tablas de amor.”*

J. Moreno Villa

DENDE O HIGHLAND PRINCESS
Outono 1949

*Dende o combés de terceira do Highland Princess
vexo a túa costa, Galicia. As rochas sobervas
do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
os meus lares familiares que os avoengos deixa-
ron de protexer.*

*I-escoito as voces amaldizoadas dos téus car-
ceeiros
e as gargalladas asesiñas dos teus verdugos.
Cada vaga que se achega ao barco semella
o brazo irmán ergueito, de home ou de muller,
que ao xordo ceo desasperado esixe liberdade e
xusticia.*

*Decontado espiliron ellas na miña lembranza,
feitos crudes non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas,
esquecidas historias de noxías desespranzas an-
guriasas
que pol-a túa presenza voltan a miña memoria.
Vexo coma estadeas percorrer pol-o ár, en rin-
gleiras,
aos parentes próisimos, aos amigos queridos, mor-
tos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,
e acarón deles sinto que se xunguiron para sempre
á miña vida pasada, o meu presente vivo e o meu
porvir.*

*Ises mortos teceran no seu corazón, coma nós,
xenerosas esperanzas para todol-os homes, novos
pensamentos,
o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio,
aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres,
agachados coma alimañas nas covas sobrosas dos
montes
ou atobados, arredados de sí mesmos, pol-as afas-
tadas rúas.*

*Por iste vento gris que agora fostrega a miña fa-
ciana,
o mesmo que fai marmuriar os teus boscos e as
tuas catedrales,
escoito ises claros, grandes, balbordos anceiosos
que veñen do fondo das túas entranas, aleivosa-
mente feridas,
e isas longas risadas tolas, sombrizas coma ou-
beos.*

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron, Galicia,
e aínda sentido orgulo da tua gloria popular, antiga,
da tua terra verde xurdida do océano, das túas pedras venerables,
volto cara un lonxano cabo do mundo, un país estrano,
onde outros fillos teus, meus irmáns, erguen cidades,
irmandados no traballo cos homes doutros pobos edosos,
a vagar esquecido e senlleiro entre as somas máis mestas.*

*Doorido, dende o combés deste barco, véxote debrozada ao mar.
Máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado pol-o tempo,
en moitedume,
con tódol-os que erráneos coma eu andan espaxados pol-o mundo.*

LUIS SEOANE

INTRODUCCIÓN

No *Fardel de Eisiliado* de Seoane hai un poema datado en outono de 1949, *Dende o Highland Princess*. Di, máis ou menos: «*Dende o convés de terceira do Highland Princess vexo as túas costas, Galicia... Escoito as voces malditas dos teus carceleiros e as gargalladas asasinas dos teus verdugos*». Luis Seoane concluíu con dor, pero tamén con firmeza: «*Dorido, dende o convés deste barco, véxote debrozada ao mar. Mais un día voltarei, derrubado e á vez afirmado en multitude, como tódolos que, erráticos coma min, andan espaxados polo mundo*».

... E Luis Seoane voltou, e rematou a súa vida en Galicia onde ten actualmente fundación na Coruña que perpetúa a súa memoria. Se ben antes do seu último retorno, o polifacético artista viviu durante un longo tempo o drama da emigración. Xa Luis Seoane López nacera no ano 1910 na cidade arxentina de Buenos Aires, no seo dunha familia que coñecía a dureza de ter que deixar atrás terra, familia e amigos. A familia puido afortunadamente voltar a Galicia sendo aínda Luis un neno e establecéronse na cidade da Coruña. Vai medrando e irá na mocidade estudar a Santiago de Compostela a carreira de Dereito, na que se licencia en 1932, anos que se converten para Seoane nunha década que marca especialmente a súa vida pois serán os anos nos que se establece como avogado, empeza a expoñer coma pintor e a participar en actividades políticas e cul-

turais que o vinculan ao Partido Galeguista e a significarse como home de esquerdas e republicano. Cando se inicia a Guerra Civil, todo isto fará que teña que exiliarse novamente a Buenos Aires. Luis Seoane tivo así que voltar para a Arxentina, que se ben foi unha segunda patria para el, nunca abandonará de todo a súa terra nin o seu compromiso coa realidade do país galego, tanto é así que se decide a publicar artigos e poemas contra o fascismo, e a representar en imaxes a súa terra, coas súas xentes, a morriña, a emigración... sempre a través de figuras ou escenas expresivas que animen á reflexión do espectador e que serán o motor que o move durante toda a súa vida artística: o compromiso con Galicia e a loita pola xustiza e a liberdade.

Será en 1963 cando pode retornar a Galicia¹ e, pese á tardanza do regreso, Seoane converteuse nun dos nomes máis importantes da cultura e a arte do século XX. En 1979 o intelectual e artista morreu na Coruña².

Home e artista inquieto foi pintor, gravador, ilustrador, poeta, ensaísta, polifacético coma poucos, creará revistas, colaborará con editoras... se ben neste artigo interésanos salientar unha pequena parte da súa obra pictórica e poética, que serve para entender o seu ideario e pretensións a través da arte e da literatura.

A carreira literaria iniciouna en 1952 coa publicación do poemario *Fardel de eisilado* en Buenos Aires, ao que seguirán *Na brétema*, *Sant-Iago* (1956), *Cicatrices* (1959) e *A maior abundamento* (1972). Pódese considerar a Seoane un escritor do social-realismo poético. Os temas da súa poesía van ser a emigración, o exilio, a saudade das terras galegas, a loita pola xustiza... temas todos eles que trasladará tamén á pintura.

No referente á carreira coma pintor, nin que dicir ten que é a figura fundamental en Galicia para entender a ruptura na metade do século XX coa pintura academicista e mudar cara á abstracción. Na pintura do artista e intelectual galego atopamos todo tipo de temáticas, dende paisaxes a naturezas mortas, retratos, óleos dedicados á xente do campo e do mar, obras que, por distintas que parezan, teñen sempre algo en común: a relación e compromiso con Galicia, a súa musa, a súa guía e, por riba de todo, a terra nai.

Deixou obra figurativa e abstracta. Nas obras figurativas, compón de xeito naturalista cunha linguaxe que chega a todos os públicos a partir dos seus inconfundibles trazos grosos e figuras de volume escultórico, pero asemade moi elementais que derivan dos elementos xeométricos básicos. Algunhas iconografías son distintivas na obra pictórica do creador galego e sempre as utilizará cun valor simbólico. Significativas serán as *mulleres* de Seoane, damas monumentais, nas que mestura solidez e vivas cores. Estas mulleres son sempre símbolo de esperanza, a alegoría dun futuro mellor para os máis desfavorecidos, a esperanza que lle queda a Galicia.

¹ Volve a Galicia, pero sen residencia permanente.

² A mediados dos anos noventa (1996), creouse a Fundación Luis Seoane na Coruña, que dende entón difunde a obra do artista e mantén viva a súa memoria, sen esquecerse de promover a arte contemporánea a través de mostras temporais de arte actual.

Outro dos emblemas máis repetido por Seoane é o *guerreiro medieval*, que representa só e batallando³. Mestura combate e soidade como símbolo de independencia e valentía do guerreiro que tenta ser vencedor. A representación evidentemente reflicte a coraxe dun pobo, o galego, que loita pola liberdade, loita que Seoane fai propia.

Noutras ocasións, os símbolos que utiliza tanto na pintura coma na escritura necesitan dunha lectura máis reflexiva que invita a indagar sobre o pintado ou escrito. A todos eles ímoslles dedicar as seguintes páxinas.

O POEMA

Se noutros tempos distinguíamos entre poesía épica, lírica e dramática, hoxe precisamos novas clasificacións. Así ocorre coa «poesía social», denominación ambigua e, por conseguinte, perigosa. Se o que se quere dicir é que o poeta «social» conta coa sociedade, diríxese a ela e intenta transformala, non é de todo exacto clasificar *Dende o Highland Princess* como «social», pois Seoane escribe para que quede constancia. Porén, se «social» é tamén eufemismo de política, xa ampliamos máis e polo tanto poderíamos dicir que en certa maneira si é social, aínda que siga a resultar algo estraño aplicar tal cualificativo a este poema persoal que non é outra cousa que a autobiografía atroz e tenra ao mesmo tempo do exilio dun poeta que ten saudade, que denuncia, que reivindica e que, por riba de todo, ten unha gran capacidade de irmandar. Di Fernández del Riego (1994) que Galicia estivo vinculada á súa memoria desde sempre e que fóra dela enchíase de dolorosa saudade, que lembraba á montaña, ao fondo da paisaxe familiar e a Compostela dos días universitarios. «Desde a nenez, a súa alma casou coa luz da terra galega que nunca esquecería.» Nunca se someteu Seoane a nada nin a ninguén e por iso non é de estrañar que tampouco o fixera ao componse poesía, pois o único que el pretendía era mostrar solidariedade co pobo galego e cos homes do mundo. A súa obra poética fainos recordar non só a poesía social de ses anos e, por tanto, buscarlle un punto de conexión, senón que tamén pode revelar unha voz épica no poema, a do propio poeta, que se alza para se revelar contra determinadas actitudes históricas coma o franquismo neste caso, para denunciar e para facer unha protesta social. Sería entón *Dende o Highland Princess* un poema social con unha voz épica, pero entón, qué fariamos coa saudade da Galicia ideal, coa anguria do exiliado e coa súa esixencia á dor do exilio? Diremos en definitiva que ningunha cualificación sería exacta porque Seoane non estaba suxeito a canons, a súa é unha poesía libre como forma de reivindicación da falta de liberdade do poeta e do desamparo total dos galegos do mundo.

Dende o Highland Princess pertence ao libro do exilio e da dor, ao da amargura e da protesta, ao *Fardel do Eisiliado* do pintor-poeta Luis Seoane que naceu a finais do 1910 no barrio bonaerense de Montserrat. Seoane mostrou a súa galeguidade na súa pintura e tamén na súa poesía, pois este pintor tivo

³ Ruiz de Samaniego, A. (2010), «Luis Seoane: a memoria da estirpe», *Raigame*, núm. 33, pp. 7-15.

moito que dicir na letra impresa, cantando sempre a Galicia ou aos galegos do mundo cos seus problemas, pero tamén como protagonistas, e situándose lonxe do esteticismo. Verémolo reflectido no seu poema persoal do exilio *Dende o Highland Princess*, escrito no outono do ano 1949 cando Luis Seoane, camiño da Arxentina, mira desde o barco con anguria a costa galega. O *Highland Princess* deterase unhas horas en Vigo que Seoane aproveitara para desembarcar na súa amada terra e ver un grupo de persoas queridas despois de trece anos de morriña, saudade e loita. Cando as circunstancias, que non a súa vontade, o obrigan a partir, o poeta trata de reter dalgún xeito a visión da súa terra que se afasta e compón *Dende o Highland Princess*. Non podemos esquecer que este longo poema persoal está introducido por unha cita de J. Moreno Villa, na cal Seoane anticipa ao lector a imaxe do home que se vai de Galicia en calquera momento da súa historia, do home que non o fai porque pode senón que o fai co pouco que ten e desde logo parece que cousas materiais os galegos tiveron sempre poucas: «un morral, un cayado y unas tablas de amor». Todos abandonaban a terra con anguria, fixémonos en que son as ondas as que os levan e non eles os que se van polas ondas. Uns vanse por razóns políticas, os exiliados, e outros por razóns económicas derivadas das políticas, os emigrantes, todos irmandados cos homes doutros pobos e coa firme esperanza de voltar algún día á súa terra.

Neste poema do exilio o poeta observa a costa galega e mentres se afasta sen remedio e desagarimado, esquecese case sempre de si mesmo e irmándase cos seus paisanos reivindicando para eles xustiza e liberdade e facendo ao longo do poema unha reivindicación xeral ao dereito á dor e á reconstitución dos recordos, é un poema do exilio con carácter reivindicativo:

*...semella
o brazo irmán ergueito, de home ou de muller,
que ao xordo ceo desasperado esixe libertade
e xusticia.*

E impregnado de morriña, este poema demostra que sí hai saudade en Seoane:

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumi-
ron, Galicia,
e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, an-
tiga,
....
volto cara un lonxano cabo do mundo, un país es-
trano,*

Debido á pluralidade do poema, para analízalo ben convén desglosalo en dous grupos de compoñentes: microestruturas e macroestruturas. Centrarémonos agora nas primeiras e veremos o plano lingüístico e tamén o técnico-estilístico, porque a poesía non é só o que o poeta comunica, senón tamén a maneira que ten de comunicar, é a conxunción do contido semántico e da expresión lingüís-

tica. Se non temos en conta esta última, o resultado será outro, pero non será poesía, por iso sempre é necesario facer unha análise deste plano, da forma lingüística.

Coas figuras de dicción, o noso poeta non muda o significado das palabras nin pretende espertar sentimentos especiais no lector, só pretende conseguir efectos estilísticos auténticos mediante determinadas disposicións dos sons, palabras e frases dentro do contexto, tan só pretende uns efectos de sonoridade. Así, co uso do consonante *r* consegue un efecto de forza e de vigor:

*rochas sobervas do bruante, aceirado Finisterre
brazo irmán ergueito...
feras verbas...
un día voltarei, derrubado e a vez afirmado ...”*

E co uso do *l* e do *m* logra un efecto de suavidade:

*os meus lares familiares...
na miña lembranza,
todo-los homes,
meus irmáns...*

Canto ao uso de formas con predominancia de vogais abertas *a*, *e*, *o*, o poeta transmite ideas obxectivas e claras:

*Doorido, dende o combés deste barco, véxote debruzada ao mar.
... mortos teceran no seu corazón, coma nós
xenerosas esperanzas para todol-os homes...
volto cabo un lonxano cabo do mundo...*

Mentres que onde predominan as vogais cerradas *u*, *i* temos formas subxectivas e abstractas:

*libertade e xusticia...
xamáis ditas nin escritas, esquecidas historias...
meu porvir...*

Deixando xa a frecuencia fonemática e seguindo coa análise de figuras de dicción, podemos decatarnos de que Luis Seoane fai uso simultaneamente do síncope e do apócope coa palabra *ár* por *aire* e da epéntese en *próisimos* por *próximos* quizais pola súa vontade de diferenciar a lingua galega da castelá, tamén encontramos o galicismo *vaga* por *onda* que é testemuña do seu coñecemento da literatura francesa así como da súa estancia no país galo.

Profunda ademais no campo do ritmo, tornándose este vertixinoso e eternamente circular conseguido principalmente polo uso de encabalgamentos en cadea e tmese cos que o poeta galego consegue que o lector do poema *Dende o Highland Princess* se sinta, xunto co protagonista, no centro dunha situación da cal parece imposible fuxir:

*Dende o combés de terceira do Highland Princess
vexo a túa costa, Galicia. As rochas sobervas*

encabalgamento

*do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
os meus lares familiares que os avoengos deiza-
ron de protexer.*

tmese

*I-escoito as voces amaldizoadas dos téus car-
ceiros*

tmese

*Vexo coma estadeas percorrer pol-o ár, en rin-
gleiras,*

tmese

*aos parentes próximos, aos amigos queridos, mor-
tos,...*

tmese

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumi-
ron, Galicia,*

tmese

*e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, an-
tiga,*

tmese

*da tua terra verde xurdida do océano
pedras venerables,*

encabalgamento

*irmandados no traballo cos homes doutros pobos
edosos,*

encabalgamento

*a vagar esquecido e senlleiro entre as somas máis
mestas...*

encabalgamento

No nivel fónico das figuras de dicción temos a repetición dun mesmo son ao longo dun enunciado imitando a mesma natureza, é dicir, unha onomatopea coa que Seoane logra un gran efecto de sonoridade: «As rochas sobervas do bruante, aceirado Finisterre». E se observamos con atención o nivel léxico-semántico veremos que ás veces o poeta aplica adxectivos que lle serven para caracterizar o substantivo cunha precisión á vez fermosa e enérxica. Algúns deles posúen calidade pictórica e fornecen cores á lingua: «vento gris», «claros balbordes», «terra verde», «lares familiares», «desesperanzas anguriosas», «longa noite», «témeras cárceres». Tamén, neste mesmo nivel fai uso da paradiástole logrando fixar a atención do lector:

*aos amigos queridos, mortos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras*

Doutra banda, logra resaltar a diferenza que existe entre ambas ideas, o contraste é claro e preciso:

á miña vida pasada, o meu presente vivo e o meu porvir

*que veñen do fondo das túas entranas, aleivosamente feridas,
e isas longas risadas tolas, sombrizas coma oubeos*

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron Galicia,
e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, antiga,*

Achegándonos ao nivel sintáctico, comprobamos que Luis Seoane en *Dende o Highland Princess* transmite calma, serenidade e lentitude entre outras moitas ideas, a través da supresión de conxuncións, do asíndeto:

*Vexo coma estadeas percorrer pol-o ár, en ringleiras,
aos parentes prósimos, aos amigos queridos, mortos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,
e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, antiga,
da tua terra verde xurdida do océano, das túas pedras venerables,*

A braquiloxía é tamén utilizada polo poeta, suprime algúns elementos da frase por se sobreentenderen moi facilmente e por chegar antes onde quere chegar á denuncia das inxustizas:

o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio
por:

o mesmo que [fixeran] aqueles que...
ou

que veñen do fondo das túas entranas, aleivosamente feridas

por:

que veñen do fondo das túas entranas, [que están] aleivosamente feridas”

Examinado xa o uso que Seoane fai das figuras de dicción, pasamos agora a comprobar que ocorre coas de pensamento, con estas figuras literarias coas que o poeta nin muda o significado das palabras nin fornece sonoridade, senón que os seus efectos estilísticos se basean nas ideas e no contido, tentando influír en nós, lectores, espertando os nosos sentimentos.

As figuras de pensamento lóxicas resaltan unha idea por riba das demais salientándoa e atraendo a atención, a alusión e unha das figuras de pensamento máis utilizadas por Luis Seoane neste poema:

I-escoito as voces amaldizoadas dos téus carceiros

referíndose aos vencedores da Guerra Civil Española:

e as gargalladas asesñas dos teus verdugos

os verdugos do réxime de represión e terror, esta figura lóxica centra o lector na figuras dos vencedores da guerra do 1936:

que ao xordo ceo desasperado esixe libertade e xusticia

refírese agora á democracia con moita amargura:

*feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas,*

onde, neste caso, o noso poeta recorda a falta de liberdade da prensa e de publicacións para contar os horrores da guerra, ben como a perda para Galicia de artistas e intelectuais que trae como consecuencia inmediata un longo tempo de silencio:

*aos parentes prósimos, aos amigos queridos, mortos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,*

Esta é unha clara alusión aos que perderon a guerra, aos que morreron ou están no cárcere debido ao conflito:

*o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio,
aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres*

Nestes versos Seoane refírese aos presos políticos, mais non o fai con rancor, senón con decepción e reproche. Semella que o poder político provoca fracaso, desesperanza, exilio, emigración, non deixa vivir e o poeta só ten unha maneira de loitar, escribir denunciando e asemade reivindicando.

Seoane tamén fai uso da lítote neste poema persoal e, por medio dela, atenúa a afirmación dun feito negando o contrario, teñamos en conta que os feitos aos que Seoane se refire están ocultos polo réxime político da España do momento:

*feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas*

Canto á énfase, podemos afirmar que tamén é usada neste poema do exilio, dando a entender por medio dela máis do que se di ou facendo que comprendamos o que non se di, quedando claro, xa que logo, cos versos previamente comentados.

As figuras do pensamento impresionánnos, excitan os nosos sentimentos e ás veces espertan sensacións apaixonadas en nós. Vexamos o uso que Seoane fai dunha delas, do apóstrofo, desa invocación dirixida con fervor ou vehemencia a un ser presente ou ausente, real ou imaxinario que sempre impresiona o lector:

*Máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado
pol-o tempo,*

Diríxese Seoane a unha terra real e presente pero que neses intres para el está deixando de selo, pois cada vez está máis lonxe de Galicia debido ao exilio. Canto máis se afasta o «Highland Princess» da costa, máis sente o poeta que o presente se torna algo pasado, nese momento a súa terra é un foi e un será, e tamén un é que se afasta, porque a vida nunca para, nin o tempo volta atrás. Con todo, Seoane invoca a súa terra e asegura que voltará, sen esquecer o que lle aconteceu, o seu exilio, pero voltará afirmado polo tempo.

As figuras plásticas son tamén constantes neste poema do exilio de Seoane, non hai dúbida, pois a súa condición de pintor tamén está presente cando fai poesía, con estas figuras Seoane esperta a nosa imaxinación ademais de acadar un estilo vivo e colorido, non hai máis que ver as súas vivas descrições e topografías da paisaxe galega:

*vexo a túa costa, Galicia. As rochas sobervas
do bruante, aceirado Finisterre...*

*por iste vento gris que agora fostrega a miña fa-
ciana,
o mesmo que fai marmuriar os teus boscos e as
tuas catedrales,*

*da tua terra verde xurdida do océano, das túas
pedras venerables*

E, se buscamos na nosa mitoloxía, atoparemos a máis venerable das nosas pedras, a que o rei galego Breogán levou a Irlanda cando foi vingar a morte do seu fillo, esta pedra de granito serviu para coroar os reis desta terra que agora eran ambos deles descendentes do fillo de Breogán. A pedra do rei galego foi levada de Irlanda polos escoceses para coroar os seus reis e logo acabou en Westminster. Os nacionalistas escoceses roubaron a pedra galega de Breogán en 1957 de Londres e levárona para Escocia, e aínda que tiveron que devolvela, os nacionalistas escoceses seguen a dicir que a pedra que hoxe hai en Westminster é falsa e que a verdadeira pedra galega está agachada nalgures en Escocia. Recordábase Seoane desta lenda cando escribía o poema? Non se sabe, pero o poema fala por si mesmo e non hai ningunha dúbida de que trae á nosa imaxinación a lenda da máis venerable das nosas pedras. Con isto Seoane volta á reivindicación dunha cultura propia, do noso pasado.

E se prestamos agora atención aos tropos ou figuras de significado, veremos que o noso poeta fai uso do símil ou comparación en *Dende o Highland Princess* establecendo unha semellanza entre dous elementos inicialmente dispares:

*Cada vaga que se achega ao barco semella
o brazo irmán ergueito, de home ou de muller,
que ao xordo ceo desasperado esixe libertade e
xusticia*

Temos un termo real que o poeta ve «*cada vaga que se achega ao barco*» e contamos tamén cun termo irreal que Seoane non ve, pero que xurde da súa imaxinación: «*semella o brazo irmán ergueito... xusticia*» e por último temos o lector, nós, que coñecemos o termo irreal e por iso podemos seguir o fío da mensaxe. Temos outro claro exemplo nos seguintes versos conmovedores:

*e isas longas risadas tolas, sombrizas coma ou-
beos*

Examinadas xa as figuras literarias das que Seoane fai uso, cómpre ver a conformación rítmica deste contexto estruturado en forma de poema, da métrica. Ocuparémonos, por tanto, dos versos e estrofas. Comezaremos por ver os elementos do verso nos que inflúen acento, rima, cantidade silábica, pausa, ton e encabalgamentos.

Do acento, un trazo de intensidade, ten que xurdir unha harmonía ou unha ruptura rítmica segundo a mensaxe que o poeta queira transmitir. Vexamos que ocorre en:

Dende o combés de terceira do Highland Princess 12
vexo a túa costa, Galicia. As rochas sobervas 14
do bruante, aceirado Finisterre, que fechan... 14

Os acentos estróficos, non xa destes tres versos, senón da maior parte do poema, atopámoslos en sílabas de signo par, polo que o ritmo é iámbico, aínda que encontramos algún que outro verso con ritmo trocaico:

que pol-a túa presenza voltan a miña memoria 15

O que salienta máis respecto do ritmo é que o resto dos acentos dos versos non son do mesmo signo que o acento estrófico, polo que temos ao longo de todo este poema acentos extrarrítmicos cos que Seoane fai unha ruptura, algo lóxico se temos en conta a melancolía e tristura coa que tivo que ser escrito este poema, mais non só iso, senón tamén a mensaxe ferinte e reivindicativa que o poeta transmite:

o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio,
 2 5 10 14 paroxítono
aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres,
 2 4 8 11 13 16-1=15 proparoxítono

Pero aínda temos que ter en conta máis datos: a partir do ano 1939 e como consecuencia dos traumas da guerra, o panorama literario español sofre unha considerable variación e pode considerarse que a partir deste mesmo ano se produce unha auténtica ruptura. É evidente o empobrecemento na poesía que se formula nos anos 40 coa perspectiva dunha España franquista, por iso non ten que nos estrañar que non encontremos rima en *Dende o Highland Princess* e que a versificación sexa irregular, que encontremos que os versos teñen distinto número de sílabas. Non é difícil ver que este poema de arte maior, poliestrófico e anisométrico está dominado por un ton narrativo, pois parte directamente dunha realidade visible, polo que para algúns críticos literarios podería ser considerado como unha especie de «poema reportaxe».

Seguindo dentro das microestruturas, podemos asegurar que Seoane encadeou os significantes para alcanzar modificacións deliberadas. O léxico que representa o microcosmos do campo referencial pode agruparse ao menos nos catro dominios establecidos por E. A. Nida⁴:

(1) Entidades ou obxectos:

a. Contables: «o combés de terceira», «Highland Princess», «Galicia», «as rochas», «Finisterre», «cada vaga», «barco».

⁴ E. A. Nida,(1975), *Componential Analysis of Meaning*, La Haya, Mouton, p.175.

- b. Non contables: «túa costa», «o mar», «do océano», «tebras», «ár».
- (2) Acontecementos, accións ou procesos: «vexo», «que fechan», «deixaron de protexer», «I-escoito», «esixe», «feitos crudeles».
- (3) Calidades abstractas: «as voces amaldizoadas», «gargalladas asesinaas», «libertade e xusticia», «desesperanzas anguriosas», «mestas», «gloria popular antiga».
- (4) Cantidade: «xamáis», «para sempre», «longa noite», «un día voltarei».

As categorías lexicais constitúen campos semánticos, macrosignos, e dentro do dominio das entidades deste poema podemos establecer campos conceptuais. Os substantivos son elementos dinamizadores polo seu rango primario e independente que ocupan no sistema lingüístico, mais, con todo, en *Dende o Highland Princess* este dinamismo vese freado pola abundancia de modificadores que transmiten sentimentos ferintes e de tristura, sentimentos de desesperanza:

*feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas,
esquecidas historias de noxías desesperanzas an-
guriosas*

ou:

*escoite ises claros, grandes, balbordos anceiosos
que veñen do fondo das túas entranas, aleivosamente
feridas,
e isas longas risadas tolas, sombrizas coma ou-
beos.*

Tamén os sintagmas preposicionais frean o dinamismo para centrar a atención do lector no que se está a dicir. Vexamos algún exemplo:

*xenerosas esperanzas para todol-os homes, novos
pensamentos
e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, an-
tiga,
irmandados no traballo cos homes doutros pobos
edosos
a vagar esquecido e senlleiro entre as somas máis
mestas*

Canto aos verbos, é ben sabido que envolver a noción de temporalidade, que expresan accións perfectivas: *espeliron*, *sumiran* (pretérito e antepretérito, respectivamente) ou imperfectivas, a intransitividade de certos procesos : «voltan», «viven», «veñen», «saín», «volto», «voltarei», «andan». Ao longo de todo o poema, Seoane lamenta o que acontece no presente a causa dos feitos que ocorreran no pasado, porén ten unha mudanza total de actitude ao se referir ao futuro,

un futuro cheo de ilusión e esperanza da que el espera gozar na súa terra galega: «voltarei».

Pero as unidades máis amplas poden materializarse nos «campos lingüísticos de palabras», estes inclúen os campos morfolóxicos e sintácticos e estrutúranse en campos lingüísticos de ideas que centran as mensaxes máis marcadas no poema:

1. En relación co tema da opresión: «deixaron de protexer», «as voces amaldizoadas», «carceiros», «gargalladas asesíñas», «verdugos», «desasperado», «feitos cruceles non contados aínda por ninguén», «feras verbas», «xamáis ditas nin escritas», «somidas en espesas, mouras tebras», «condenados ao silencio», «témeras cárceres», «aleivosamente feridas»...
2. En relación co tema do exilio: «o combés de terceira do Highland Princess», «desagarimado saín da longa noite en que te sumiron, Galicia», «volto cara un lonxano cabo do mundo», «un país estrano», «homes doutos pobos», «máis un día voltarei», «erraneos coma eu, andan espaxados pol-o mundo»...
3. En relación cos tema da esperanza e da reivindicación: «o brazo irmán ergueito», «esixe libertade e xusticia», «xenerosas esperanzas», «novos pensamentos», «máis un día voltarei»...
4. En relación co tema da amizade, da familia e da irmandade: «os meus lares familiares», «os avoengos», «aos parentes prósimos», «aos amigos queridos», «irmandados...cos homes doutros pobos»...

No concenrente aos enunciados, hai que dicir que son na súa maioría complexos. Así, por exemplo, o segundo verso estruturado como cláusula de relativo inicia o primeiro enunciado complexo:

... As rochas sobervas
do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
os meus lares familiares que os avoengos deixaron
de protexer.

Cara ao final do poema, nos versos 45-47, atópase outra das oracións compostas coa cláusula concesiva introducida por *e aínda* que anuncia unha restrición, e coa cláusula espacial introducida por *onde* que anuncia distancia, un lugar moi lonxe da terra amada do poeta:

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron,
Galicia,
e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, antiga,
da tua terra verde xurdida do océano, das túas
pedras venerables,
volto cara un lonxano cabo do mundo, un país estrano,*

*onde outros fillos teus, meus irmáns, erguen ci-
dades,
irmandados no traballo cos homes doutros pobos
edosos,
a vagar esquecido e senlleiro entre as somas
máis mestas.*

Unha vez analizado xa todo aquilo concernente ás microestruturas, podemos xa por tanto determinar a estrutura, que neste caso é, sen lugar a dúbidas, de adición, pois o poeta comeza cunha idea, a da dor e a tristura presentes polo exilio, a do seu afastamento progresivo da terra que ama, e remata coa idea da esperanza da volta no futuro, non só del, senón tamén dos outros exiliados. Dáse en Seoane coma en poucos poetas, unha irmandade universal, a súa voz identifícase con todas as voces dunha sorte de memoria colectiva que Seoane reclama transmitindo o orgullo dunha historia propia, buscando as raíces. Reivindica Galicia, a liberdade e a xustiza para as súas xentes estean onde estean en contraposición coa realidade de seu na distancia e dos seus paisanos a viviren cos seus «verdugos».

Unha vez determinada a estrutura deste poema persoal do exilio compre examinar as macroestruturas, o importante agora é que hai que establecer a organización textual e podemos comprobar que o poeta dirixe a mensaxe polo menos en dúas direccións:

1. Manifesta a súa actitude ante a opresión que ten como consecuencia directa o sufrimento nas súas dúas vertentes, o exilio noutras terras ou a submisión na terra propia:

*Decontado espiliron ellas na miña lembranza,
feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas,
esquecidas historias de noxías desespranzas an-
guriosas...*

2. Expresa a finalidade da mensaxe que transmite:

*volto cara un lonxano cabo do mundo, un país es-
trano,
onde outros fillos teus, meus irmáns, erguen ci-
dades,
...
máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado
pol-o tempo,
en mpoitedume,
con todol-os que erráneos coma eu andan espare-
xidos pol-o mundo*

Seoane, deixa claro ao longo de todo o poema que a finalidade dos seus versos é unha mensaxe non só de condena, senón tamén de esperanza e de ilusión,

unha mensaxe de que todo se acaba e, certamente, refírese á inxustiza, á opresión e ao exilio. Por cada cousa nova sempre hai algo que deixamos atrás e o noso poeta transmite a idea de que algún día as inxustizas pasarán, se cadra en tempos de democracia. O poeta aproveitará xunto con outros exiliados para voltar, esa é a súa idea cando compón *Dende o Highland Princess*.

Dentro do campo lírico establécese unha correlación de subxectividade entre o poeta e o ti «Galicia» do poema, pois é a falla dela, a saudade, a morriña por Galicia, a forza inspiradora deste poema, a figura central é a terra galega e os galegos do mundo, vivos ou mortos, sometidos aos seus carcereiros ou exiliados, para quen o poeta pide liberdade, sempre con esperanza aínda que moi dorido e desagarimado, só pide o xusto, para cada un o que lle pertence, un trato xusto, non máis.

Respecto ás funcións cardinais de *Dende o Highland Princess*, podémolas resumir dicindo que son as emocións, os sentimentos e a paixón pola súa terra e pola súa xente. Non remataremos sen antes engadir que na área da conflictividade axial destacan as seguintes categorías:

1. Presente-futuro:

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumi-
ron, Galicia*

...

máis un día voltarei

2. Negación-afirmación:

derrubado e á vez afirmado

3. Presenza-ausencia:

*... dende o combés deste barco, véxote de-
bruzada ao mar.*

...

*volto cara un lonxano cabo do mundo, un país es-
traño”*

4. Aceptación-rexeitamento:

*“e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, an-
tiga,*

...

*escoito ises claros, grandes, balbordos anceiosos
que veñen do fondo das túas entranas...*

*e isas longas risadas tolas, sombrizas coma ou-
beos”*

5. Amizade- inimizade / amor-desamor:

aos parentes prósimos, aos amigos queridos,

...
*I-escoto as voces amaldizoadas dos téus car-
 ceiros*

6. Opresión-liberdade:

...aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres
 ...
Máis un día voltarei...

7. Contrato-ruptura:

*Máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado
 pol-o tempo*
 ...
*os meus lares familiares que os avoengos deixa-
 ron de protexer.*

E con toda esta dor, o pintor-poeta reivindica a dignidade e a prioridade da protesta mentres o lector se sobrecolle pola visión da terra personificada «pol-a túa presenza» mentres se afasta no Highland Princess «cara un lonxano cabo do mundo».

A PINTURA

Tomando coma pretexto o poema ata aquí analizado, atopamos versos e frases que teñen a súa imaxe proxectada na pintura de Seoane, que traslada as mesmas angurias, denuncias e proclamas dende as letras aos pinceis e plásmas nos lenzos que se enchen de símbolos que non son máis que un grito de liberdade e de xustiza para o seu pobo. Pero vaíamos por orde:

*Dende o combés de terceira do Highland Princess
 vexo a túa costa, Galicia. As rochas
 do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
 os meus lares familiares que os avoengos deixaron de protexer.*

Son os destes primeiros versos do poema os mesmos mares rabiosos, bravos, que logo, Luis Seoane imprime nos lenzos. Ollando *Mar bravo* (1964) o espectador atópase innegablemente ante a costa galega do poema, sen saber se no Finisterre ou non, pero está claro que é o mar que baña Galicia, un mar perfectamente ilustrado a partires das ondas mariñas que xiran sobre si mesmas semellando simbolicamente un remuíño sen principio nin final, sen saída nin chegada, coma a dura vida dos galegos tanto os que coma el sufriron o inxusto exilio coma os que ficaron nunha terra sen liberdade.

⁵ O fauvismo, vangarda francesa de principios do século XX (1905-1908) foi un movemento pictórico caracterizado por un emprego provocativo da color. O seu nome procede do cualificativo *fauve* (=fera).

Na composición da paisaxe o debuxo non existe e a cor o domina todo coa súa forza e potencia, cores irreais que beben do sentimento *fauve*⁵ que tiña como máxima destacar a súa capacidade sensorial. Seoane pinta con total independencia e liberdade levando o uso da cor ata o extremo, igual que farían os vangardistas franceses, para pintar este mar de Seoane as cores se converten nas protagonistas, dominando a expresividade por encima da claridade compositiva ou a orde.

*I-escoito as voces amaldizoadas dos teus carceiros
e as gargalladas asesiñas dos teus verdugos.*

O pai da abstracción en Galicia sofre como causa da Guerra Civil exilio político dende o ano 1936, pero a pesar de vivir na emigración, as súas obras terán sempre un compromiso social e político con Galicia. Reivindica xustiza coas clases máis humildes e o fará sempre través de óleos onde aparece a muller⁶.

En pranto pola muller caída a protagonista é unha muller que cae abatida polos *seus verdugos*. O pintor, que xa retornou do exilio, non poderá nunca esquecer o terror e o absurdo da guerra, da fame, da posguerra e da tiranía da ditadura.

É, xa que logo, esta unha das obras máis duras de Seoane que fala da memoria historia, trátase dunha homenaxe aos mortos na guerra entre irmáns, pero tamén aos que non morreron e non puideron marchar e refacer a vida coma el, aínda que fose lonxe da súas raíces.

A liña ten aquí máis importancia que na peza anterior, sendo as liñas curvas as reinantes, que dun xeito case opresivo se deslizan cara á muller que morreu e xace no chan. Obra a medio camiño entre a figuración e a abstracción, nesta ocasión Seoane séntese máis próximo ao cubismo e ao expresionismo, optando o por figuras xeométricas como liñas ovais, rectángulos e cubos como base da composición. Rompe así coa iconografía e estética clásica para este tipo de obras dando unha visión tan distinta e radical que consegue conmocionar e emocionar o espectador.

*Cada vaga que se achega ao barco semella
o brazo irmán ergueito, de home ou de muller
que ao xordo ceo desasperado esixe libertade e
xusticia.*

*...aos parentes próximos, aos amigos queridos, mortos,
ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,
e acarón deles sinto que se xunguiron para sempre*

⁶ Non só lembra aos desastres da guerra, posguerra e ditadura a través de obras protagonizadas por mulleres. O óleo *O proceso de Burgos* (1971), é toda unha lección da historia máis recente de España sintetizado nunha soa imaxe.

á miña vida pasada, o meu presente vivo e o meu porvir.

Nestes versos Luis Seoane expresa o seu sentimento, dor e sobre todo rabia e ansia de loitar por unha Galicia libre. Estes versos que deixou escritos no ano corenta e nove tristemente seguen en vigor e están presentes nunha peza pintada en 1975: *Cristo obrero* para o cóengo Manuel Espiña⁷. Un marxista convencido coma Seoane entende a representación gráfica da redención da humanidade a través dun Cristo crucificado, pero vestido como obreiro.

A metáfora ten a súa explicación, pois a cruz simboliza, por un lado, o eixe de comunicación entre o ceo e a terra, pero tamén os brazos son símbolo dos catro puntos cardinais e dos catro elementos⁸. Evidentemente a cruz é o atributo distintivo da Paixón de Cristo, do seu sacrificio polos homes, e serve a Seoane para expresar a angustia que sofre por todo o pobo galego que vive sometido. Esta cruz do lenzo non é a de Xesús sufrindo, é a imaxe de todos os galegos das clases máis humildes, pois o pintor entende que a liberación do pobo pasa polo sufrimento e o traballo, representados na cruz e no obreiro.

*Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron, Galicia,
e aínda sentido orgulo da tua gloria popular, antiga,
da tua terra verde xurdida do océano, das túas pedras venerables,
volto cara un lonxano cabo do mundo, un país estrano...*

Quen fala é o emigrante obrigado a irse da terra con dor e desexo de voltar. Luis Seoane coñece eses sentimentos e dedica varias pinturas á emigración.

Emigrante esperando e *A emigrante* (1967). Un home, –*O emigrante esperando*– e unha muller –*A emigrante*– marchan e esperan o retorno á terra que os viu nacer. Ambos cun cartaz no peito, sendo o da muller especialmente conmovedor, pois indica que é analfabeta e, por riba, nun país estraño. É sen dúbida a peza máis significativa que o autor dedica á emigración, se ben lonxe de buscar o melodrama, Seoane optou, non por retratar a unha pobre e desvalida muller, senón que, pola iconografía utilizada, mostra a solidez e valentía da muller, ben como a esperanza que converte ademais en alegoría dun futuro mellor para os máis desfavorecidos. Ambas as pezas, pintadas cunha aparente sinxeleza compositiva, tórnanse símbolos da cruza e da tristura do exilio, pero por riba de todo, da esperanza, que Seoane plasma en dúas figuras

⁷ Manuel Espiña Gamallo foi amigo persoal de Seoane e o primeiro sacerdote que oficiou misa en galego.

⁸ Os catro elementos son terra, lume, aire e auga. Battistini, M. (2008), *Símbolos y alegorías*, Electa, p. 144.

expresivas, silenciosas, pero tamén monumentais, fiel reflexo da dura vida que lles tocou e á que se enfrontan serenamente.

Por fin Seoane remata o poema cuns versos de esperanza:

*Máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado
pol-o tempo...*

Rastrexando na obra pictórica de Luis Seoane, a peza que mellor reflicte estes versos de esperanza é *Noticias dos homes* (1969), lenzo protagonizado por tres mulleres que falan dos seus homes posiblemente emigrados ou embarcados, mentres esperan polo barco, ese *Highland Princess* que ten que voltar algún día cos seus homes.

Por centésima vez na obra pictórica de Seoane, o papel principal é das mulleres, nas que os esquemáticos rostros amosan tedio e monotonía nas vidas que non parecen ter moitos alicientes, pero que contrastan coas cores alegres e a seguridade que denotan eses monumentais corpos, unidos pola fala e tamén pola composición en semicírculo, metáforas novamente da esperanza do retorno.

CONCLUSIÓNS

Como conclusión, só queda dicir que o poema *Dende o Highland Princess* é un torrente de denuncias políticas, históricas e sociais, de desesperación e tamén de reivindicacións culturais e económicas, aínda que tamén de ilusión polo que aínda está por vir. É este un poema escrito en versos libres, longos e desordenados, cuns vocábulos relacionados cos temas da denuncia, do amor, do exilio e da opresión. O poema contén denuncia social e política porque é un reflexo do mundo tal como Luis Seoane o viviu no outono do ano 1949 cando se afastaba da súa terra e non precisamente pola súa vontade. Este mundo que Seoane viviu quizá lle fixo sentir cansazo ante os elegantes exercicios estéticos da poesía e por iso, debido a anguria e a desesperación, renunciou a moitas das ambicións de que é capaz a poesía. Porén, a modestia do seu poema brota dunha dolorosa conciencia das circunstancias históricas de Galicia e, por iso, unha boa parte dos seus versos son de reivindicación. Xa dixera Celaya en 1952 que a poesía era «un instrumento, entre outros, para transformar el mundo» e poida que algo así acadase Seoane con nós, lectores. Poida que considerase que tiña como deber renunciar a consideracións estéticas con obxecto de romper o silencio e denunciar a inxustiza con palabras claras e directas. No entanto, os poemas de Seoane, igual que os de outros poetas da súa época que comparten características con el como Dámaso Alonso, Celaya ou Rosales, non puideron transformar o mundo nese momento histórico e os resultados non foron moi positivos para a súa arte, de feito a Luis Seoane coñéceselle máis como pintor que como poeta. Aínda que isto sexa así, nas elites académicas coñécese ben a faceta poética de todos estes homes.

Seoane podería ser relacionado coa «poesía social» por ser un instrumento ás veces de protesta política e reivindicación social, ademais de por cumprir co seu deber social a expensas da súa arte. Non obstante isto, non é totalmente exacto e

podemos afirmar que este é un poema que comparte algunhas características coa poesía social, pero tamén con outras tendencias, polo que podemos afirmar que Seoane é «un precursor descoñecido⁹». A súa poesía sobrevivirá non só por ser unha testemuña da historia, senón polas razóns polas que a poesía sobrevive sempre: por estar ben escrita.

Aínda que o estilo de Seoane sexa prosaico, acada porén moita forza nas súas afirmacións e consegue transmitir intuicións que son emocional e intelcualmente convincentes ou iluminadoras. Neste poema, non só do exilio. senón tamén moi persoal, Seoane sabe como organizar a expresión dos sentimentos nunha forma poética moi reveladora.

Din que a poesía só se completa cando chega ao seu destinatario e, por erroneamente, cremos ás veces que todos os autores desexan que os seus destinatarios sexan moitos, mais neste poema, o público ao que se dirixe Seoane é moi restrinxido, reducible aos exiliados, emigrantes e non a todos os galegos que viven en Galicia, tan só aos que senten o esmagamento da emigración e do exilio. Até neste poema en particular poderíamos pensar en certos momentos que o destinatario do poema é o propio Seoane que se contempla a si mesmo irremediabilmente afastándose da súa terra e da súa xente.

Dende o Highland Princess é un poema humanizado no que Seoane relega a segundo termo algúns valores fundamentais como, por exemplo, o esplendor formal substituíndoo por unha poesía opaca, obsesionada polo tema de Galicia e da xustiza para a súa terra, próxima ás reivindicacións precisas, coma se o que definise este poema fose unha consciencia da inxustiza que torturase a Seoane neses intres.

O poeta galego Seoane fala do seu, da súa patria, da dor que sente ao se afastar inevitablemente, é en certa maneira e, por un lado, unha biografía histórica do trauma do exilio en Galicia e da emigración. Seoane ve a súa terra ao outro lado do mar e, non podendo tocala xa por moito tempo, apértaa contra o seu corazón e narra nun sinxelo poema a realidade dese intre dramático para si mesmo sen esquecer nin por un intre a solidariedade. É un poema que reflicte a anguria do exiliado, a ameaza política presente na súa terra galega e a preocupación pola súa xente. Non esquezamos, porén, o optimismo de Seoane, pois, ao final do poema, a esperanza mestúrase coa emoción que o poeta sente ante a posibilidade futura de poder voltar á súa terra algún día. Advírtese aquí unha vertixinosa ondada, pois todo neste poema esperta unha auténtica e particular emoción chegando a reflectir a alma do poeta, desde a evocación de homes e mulleres de Galicia, até as «alucinacións» reivindicativas. Seoane logra un poema de emocionada e ferinte poesía sen se suxeitar a canons e mesmo agradece que consideren os seus poemas como relatos.

A concepción do mundo para Seoane era que todos os homes e mulleres puidesen vivir o mellor posible en todas as partes e por iso escribe e pinta da súa terra, para que quedase constancia. «En Galicia, Seoane como poeta, fue el primero en levantar la voz de protesta y uno de los artífices del renacimiento artístico gallego» (Sucarrat 1977), e debido a isto e á súa constante loita da que

da fe este poema do exilio, así como ás súas obras literaria e pictórica a voz do noso poeta xa non calará endexamais.

Do mesmo xeito que o poema, a obra pictórica de Seoane materializa en imaxes denuncias políticas, históricas e sociais. Hai certamente tristura, desesperación, loita, pero tamén esperanza por un futuro mellor.

Unha década marcará esencialmente a súa traxectoria pictórica é a dos cincuenta, anos nos que deriva o seu estilo cara á abstracción e a xeometrización. Coa chegada dos sesenta, reduce todo a esquemas, cor e liña son autónomos, sempre pintando con cores intensas, debuxando esquematicamente con grosos trazos negros e con indiscutibles vinculacións estilísticas coas vangardas, dende os *fauves* ao expresionismo e ao cubismo.

Con eses anos coinciden as obras que mellor se adaptan ao poema analizado *Dende o Highland Princess*. Na temática, os traballos dos máis humildes, están presentes, tamén o mar e certamente a emigración, a guerra, ou a posguerra sempre pintados cunha estética afastada do folclorismo e do melodrama. Seoane vincula a arte á realidade da vida e, por iso, a pintura ten que servir de denuncia e ter unha utilidade para mellorar a vida dos galegos. Todo o exposto –tema, linguaxe e estilo– resúmese en Galicia, ese será o tema final e o seu compromiso social, político e cultural: o seu país. Reivindica por riba de todo a xustiza e faino a través de óleos onde aparece o emigrante, o campesiño, o mariñeiro, o obreiro e a muller que son a grande esperanza para a liberación da súa patria.

BIBLIOGRAFÍA

- Battistini, M. (2008) *Símbolos y alegorías*, Barcelona, Electa.
- Díaz, X. (1997) «Seoane: Galicia desde América». *Galicia Terra Unica. A Galicia exterior*, Santiago, Xunta de Galicia. Pp.243-251.
- Donega, M. (1970) *Castelao e Luis Seoane*. La Voz de Galicia, 15-5-70.
- Fernández del Riego, F. (1994) *Luis Seoane desde a memoria*, A Coruña, Moret.
- López Vázquez, J. M. (1993) «Da II República ó proxecto de estabilización», *Galicia Arte*, A Coruña, Hércules. Volumen XV. Pp. 256-319.
- Losada, B. (1972) *Poetas gallegos contemporáneos*, Barcelona, Seix Barral.
- Nida, E. A. (1975) *Componential Analysis of Meaning*, La Haya, Mouton, p.175.
- Ortiz, E. (1994) A mensaxe dun emigrante. *Luis Seoane. Compromiso e paixón creadora*. A Nosa Terra, Vigo.
- Pallarés, P. (1994) Poemas no fardel dun exiliado. *Luis Seoane. Compromiso e paixón creadora*. A Nosa Terra, Vigo.
- Pérez Rodríguez, M.A. (2001) «Migración, arte y exilio». *Migratio, revista do CEPAM*, número 2. [Publicación en línea]. [Consulta: 13-03-2012].

Ruiz de Samaniego, A. (2010) «Luis Seoane: a memoria da estirpe», *Raigame*, núm. 33, pp.7-15

Seoane, L. (1977) *Obra Poética*. Edicións do castro, A Coruña.

Sucarrat, F. (1977) *Luis Seoane, su obra poética y su importancia en la literatura gallega actual*. A Nosa Terra, Vigo.

Xulio, C.(1994) *Luis Seoane. A forma da patria*. Espiral Maior, A Coruña.